

a pego

Ames 2018

Cuco rei, cuco rei,
cantos anos vivirei?

cucú 1
cucú 2

cucú 3
cucú 4
cucú 5
... ..



INFORMACIÓN ACTIVIDADES

Concello de Ames

Praza do Concello 2
T: 981 883 002

Cultura

Casa da Cultura do Milladoiro
cultura.milladoiro@concellodeames.gal
T: 981 535 940

Biblioteca

biblioteca@concellodeames.gal
T: 981 530 807 (O Milladoiro)
981 884 829 (Bertamiráns)

Servizo de Normalización Lingüística

normalizacion@concellodeames.gal
T: 662 377 215

Aula da Natureza

auladanatureza@concellodeames.gal
T: 660 004 665

A billeteira

abilleteira@concellodeames.gal

Minia convidate a xogar

Babaluva Teatro



Venres 25, ás 18.00 ou 19:00 h (2 sesións)
Casa da Cultura do Milladoiro

Un espectáculo sensorial participativo para @s máis pequen@s, especialmente recomendado para desenvolver a creatividade e a comunicación cos obxectos que nos rodean.

De 1 a 6 anos. Inscripción previa do 15 ao 24 de maio.
+ INFO: SNL

As aventuras de Mamá cabra.

Contos que saen dos libros



Venres 4, ás 18:00 h
Casa da Cultura de Bertamiráns

Contacontos musical. Gloria Mosquera, creadora das cancións de Mamá Cabra, acompañada de Iago Rodríguez ás teclas e á percusión, levaranos de viaxe pola música deste coñecido grupo.

De 1 a 4 anos. Inscripción previa do 24 de abril ao 3 de maio.
+ INFO: SNL

Maio

Contacontos na biblioteca

Todos os contos comezan ás 17:00 h

• Inventando contos

Escaparon as historias! Axúdasnos a atopalas?

Mércores 2. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 3. Biblioteca do Milladoiro



• Tic...tac...tic...tac...

Son as cinco en punto, a hora dos contos.

Martes 15. Biblioteca de Bertamiráns
Mércores 16. Biblioteca do Milladoiro

• Contos no tendal

Historias de roupa.

Mércores 30. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 31. Biblioteca do Milladoiro

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
+ INFO: Bibliotecas

Unha aventura conxunta...



Coñece máis sobre o programa Apego no web www.apego.gal ou na páxina de facebook Apego.gal

Se estades a agardar un bebé..., parabéns!, poderedes achegarvos polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames para inscribivos no proxecto Apego e recibirdes os agasallos de benvída! :-)

Se tedes fillas ou fillos de ata 6 anos, tamén poderedes dirixirvos ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribivos no programa Apego e así recibirdes información sobre todas as actividades e recursos.

cucú

cucú

cucú

+info:

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Ames
Pazo da Peregrina (Bertamiráns)
662 377 215
normalizacion@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal



www.apego.gal

Marzo

Foliada con Apego



Venres 2, ás 18.00 h
Pazo da Peregrina de Bertamiráns

Un encontro para coñecerse, compartir, cantar, bailar e aprender cancións e bailes.

Público familiar. Inscripción previa do 19 de febreiro ao 1 de marzo
+ INFO: SNL

Contacontos na biblioteca

Todos os contos comezan ás 17:00 h

• **Gato, gato**
Esta tarde contos de gatos: un, dous, tres e catro.

Mércores 7. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 8. Biblioteca do Milladoiro

• **Nada é o que parece!**
Ven escoitar contos con sorpresa.



Mércores 21. Biblioteca do Milladoiro
Xoves 22. Biblioteca de Bertamiráns

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
+ INFO: Bibliotecas

Pum, pum!

Baobab Teatro S.L.



Venres 9, ás 18.00 h
Casa da Cultura do Milladoiro

Marieta é unha nena de cinco anos rodeada de portas, portas que se abren e contan historias que

teñen música e cantan cando ela quere, pero Marieta ten unha porta que garda un segredo que nunca contou.

Pum, pum! É un espectáculo de monicreques, teatro de actor, máscaras e sombras, con música orixinal interpretada en directo.

A partir de 5 anos. Entradas: A billeteira
+ INFO: Cultura

Peque ciencia divertida



Xoves 10 e 17, das 12.00 ás 13.00 h
Pazo da Peregrina de Bertamiráns

Obradoiros manipulativos nos que os nenos e as nenas se achegan de forma divertida ao mundo científico a través de experimentos, xogos, vídeos...

De 3 a 6 anos.
+ INFO: Aula da Natureza

Cantacontos para bebés

Pablo Díaz



Venres 16, ás 18.00 ou 19.00 h (2 sesións)
Casa da Cultura de Bertamiráns

Pablo Díaz fará unha viaxe a través dos contos coa música como fío condutor, tratando temas e rutinas adaptadas para @s máis pequen@s. Para conseguilo, axudarase de instrumentos como a fruta, a guitarra, a harmónica e dalgún dos seus temas máis populares.

Unha sesión participativa onde a fantasía e a ilusión serán as protagonistas.

De 0 a 3 anos. Inscripción previa do 5 ao 14 de marzo
+ INFO: SNL

Abril

Contacontos na biblioteca

Todos os contos comezan ás 17:00 h



• **Croco-croco!**
Cantos crocodilos contando contos!

Mércores 4. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 5. Biblioteca do Milladoiro

• **Todos/as a cantar!**
Esta tarde cantaremos contos

Mércores 18. Biblioteca do Milladoiro
Xoves 19. Biblioteca de Bertamiráns

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
+ INFO: Bibliotecas

Os fabulosos cleaners

Malasombra producións



Venres 6, ás 18.00 h
Casa da Cultura de Bertamiráns

Dous operarios da limpeza do teatro, descubren por casualidade as posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí comezará unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas pompas e burbullas.

Público infantil. Entradas: A billeteira
+ INFO: Cultura

Contacto natural. Paseo sensitivo polo bosque de Agrón



Sábado 7 e 21. Saída do autobús: 10.30 h
Casa da Cultura do Milladoiro / 10.45 h
Praza do Concello de Bertamiráns

Aos nenos e nenas encántalles estar ao aire libre, calquera elemento da natureza os asombra e lles serve para xogar. Estar desde cativos/as en contacto cos olores, texturas, cores e sons naturais achégalles unha harmonía coa natureza que os acompañará sempre.

De 2 a 7 anos. + INFO: Aula da Natureza

Arrollos de salitre

Xabier Díaz e Guillerme Fernández



Xoves 12, ás 18.00 ou 19.00 h (2 sesións)
Pazo da Peregrina de Bertamiráns

Pequeno obradoiro para que nais, pais ou outros familiares poidan aprender nanas e cantos de berce para arrolar os seus bebés e comezar a transmitirles a lingua e a música.

Familias con crianzas de 0 a 3 anos e futuras mamás e papás. Inscripción previa do 3 ao 11 de abril. + INFO: SNL

A poesía é un globo

Fran Alonso
Venres 13, ás 18.00 h
Casa da Cultura do Milladoiro

Espectáculo-recital participativo para despertar o interese pola poesía e o ritmo a través de recursos como a oralidade, a lectura, a música e diversas propostas visuais.

De 3 a 6 anos. Inscripción previa do 3 ao 12 de abril.
+ INFO: SNL

O secuestro da bibliotecaria

Sarabela Teatro



Venres 27, ás 18.00 h
Casa da Cultura do Milladoiro

A señorita Ernestina é a bibliotecaria da vila de Parangón. Uns bandidos deciden secuestrala para xerar un caos cultural que obrigue as autoridades a pagar o rescate.

De 5 a 12 anos. Entradas: A billeteira.
+ INFO: Cultura

